



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL REALIZAR INTERVENCIÓNS DE CONSERVACIÓN NA CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL (A CORUÑA) E NA CATEDRAL DE MONDOÑEDO (LUGO)

Santiago de Compostela, **23 SET. 2024**

REUNIDOS

Dunha parte, Don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Fernando García Cadiñanos, que actúa en representación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, en virtude do seu cargo de bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do “Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos das súas competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia.

Cuarto: Os inmobles nos que se van realizar as actuacións son:



1.- O inmoble denominado Concatedral de san Xiao en Ferrol, está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio da Magdalena aprobado definitivamente o 27.09.2007 (BOP núm. 258 do 08.11.2007) unidade 1948701, edificio histórico artístico e incorpora unha ficha cunha catalogación unitaria de especial significación arquitectónica; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC).

Asemade, o Barrio da Magdalena está declarado ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico polo Decreto 28/1984, do 9 de marzo, (DOG núm. 57 do 22.03.1984).

Tamén se atopan o inmoble e a súa contorna inmediata no ámbito de protección do Camiño Inglés a Santiago, ben catalogado segundo a LPC e cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

A concatedral é sen dúbida a construción máis singular que preside o barrio da Magdalena dende que se iniciou no 1765. Chama a atención o seu carácter dominante e exento, o seu estilo claramente neoclásico e a súa configuración exemplar de templo de plan central (cruz grega inscrita nun cadrado do que sobresaen os peches curvados dos brazos laterais) que se relaciona cun proxecto de Miguel Anxo para San Pedro.

Externamente a súa volumetría é clara e limpa, a súa fachada en cambio é un bo exemplo "dieciochesco" relacionado coa tradición do Alto Renacemento. Pola contra, o seu interior deixa entrever solucións ornamentais máis do barroco e italianas. Isto increméntase posteriormente coa rica policromía de púlpitos e retablos que foron deseñados polo arquitecto Antonio de Bada y Navajas en 1774. A profusa decoración tentou, nun principio, de independizar a imaxe das catro capelas. Despois da súa eliminación, dous elementos destacan pola súa arquitectura: a disposición máis elevada do pavimento do altar maior e os capiteis xónicos con girlandas talladas en pedra máis doce que o granito.

Tamén destaca a diferenciación cromática que Bort fai entre elementos estruturais pasivos e activos.

A fachada segue o modelo inaugurado por Alberti, difundido por Serlio e consagrado por Vignola e della Porta en el Gesù. A resolución do conflito entre eixes verticais e horizontais encoméndase a ordes superpostas de pilastras, que compoñen un lúcido esquema piramidal. As torres, retiradas da liña de fachada, son unha pobre interpretación das deseñadas por Bort, máis graciosas.

O adro da igrexa urbanizaba a parte de solar sobrante ata completar a dimensión do cuarteirón tipo no que se inscribía o templo. Un primeiro nivel de igual tamaño ao cadrado que circunscribe a planta do templo dá paso a un segundo nivel máis elevado, que antecede a fachada.

2.- A catedral de Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo está protexida polo seu valor cultural xa que está declarada ben de interese cultural (BIC) con categoría de monumento pola Lei de 23/05/1902 (GAC do 24/05/1902) e dende o ano 2015 está incluída na declaración de Patrimonio da Humanidade, como parte do Camiño de Santiago do Norte. E un ben situado na delimitación do BIC Conxunto Histórico, Casco Antigo de Mondoñedo, Decreto 91 do 02.05.1985 (BOE 23.05.1985). Tamén está incluída no



catálogo do Plan Especial de Reforma Interior e Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo aprobado definitivamente o 24.03.1994 (ficha nº 1).

O conxunto catedralicio está integrado tamén pola sancristía pegada á fachada norte, o Pazo Episcopal e o claustro anexos á fachada sur e, arredor deste, a sala capitular, biblioteca e acceso ao museo diocesano.

A catedral actual está executada sobre as bases dunha construción románica iniciada polo Bispo Martín entre 1230 e 1248, que se continuou nos seguintes séculos en estilo gótico próximo ao canon cisterciense. O templo ten planta de cruz latina con tres naves e unha ábsida semicircular -única que queda dos tres da antiga cabeceira- e arcos oxivais. Foi reformado e modificado en sucesivas ocasións, en especial durante as obras de reconstrución logo do incendio do 1425.

O conxunto catedralicio está integrado tamén pola sancristía pegada á fachada norte, a casa dos cóngos, o Palacio Episcopal e o claustro anexos á fachada sur e, arredor deste, a sala capitular, biblioteca e acceso ao museo diocesano.

A decoración mural da cabeceira e presbiterio é obra do mestre Terán (século XVIII) e representa escenas do Antigo e Novo Testamento. Os fragmentos da nave que se atopan baixo os órganos estaban situados nos muros exteriores do coro e narran a escena da Degolación dos Inocentes e vida e martirio de san Pedro.

Quinto: As principais actuacións a levar a cabo serán as seguintes:

1.- Concatedral de san Xiao.

- Limpeza de superficies. Limpeza superficial da sillería, tanto en paramentos verticais coma en cubertas de cúpulas, cornixas, molduras... Terase un coidado especial nas zonas afectadas por arenización.
- Eliminación de raíces. Eliminación e tratamento de plantas enraizadas. Non se alterarán as bacterias, fungos, líques, algas e musgos cuxo tratamento precisa dun estudo máis pormenorizado e selectivo.
- Encintado e selado de xuntas. Previa eliminación de antigos rexuntados soltos, limpeza de superficies e feitas as consolidacións oportunas procederase ao selado de xuntas e gretas con morteiros bastardos de cal.
- Restauración de elementos atacados por corrosión no catavento incluso a reposición dos elementos inservibles.
- Consolidación superficial da fábrica. Consolidación superficial das pezas que se atopan afectadas por arenización (con distinto grao de afectación en función da composición da pedra de cada elemento así como das condicións meteorolóxicas cambiantes en cada zona do edificio).
- Traballos de restauración de escaleiras e reixas.

2.- Catedral de Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo.

A solución de cuberta existente na actualidade na catedral consiste de maneira resumida nunha estrutura de cerchas españolas e cangos de madeira que serven de soporte á nova cubrición realizada entre es anos 2016 e 2018.

A estrutura da catedral de Mondoñedo restaurouse no marco das obras de Restauración da cuberta da catedral e claustro da basílica de Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo. O criterio da intervención foi conservacionista e empregouse unha solución estrutural para conservar as cerchas orixinais mediante próteses Beta. A intervención relativa á cuberta consistiu en:

- Na estrutura de cerchas: Reposición e adaptación da xeometría das cerchas; substitución completa ou parcial de aquelas cuxo grado de deterioración estaba moi avanzado utilizando madeira de carballo de igual sección as existentes; reparación na zona dos apoios nas cerchas cuxo estado de conservación era aceptable, mediante sistema Beta (próteses con varillas de fibra de vidro pretensado e resina líquida); apertura do empotramento para a súa inspección e posterior execución de caixeadado para a ventilación e colocación de neopreno no apoio e reparación das unións mediante sistema de unión encolada con achega de madeira, consistente en eliminar a parte de madeira danada e reposición mediante pezas de madeira de carballo e resorcina como cola.
- Nas cerchas, pontóns e dormentes retirouse a parte da albura afectado polo caruncho con cepillo de arame e aplicación tratamento protector con produto de alto espectro tipo "Xilamon T" ou similar.
- Desmontaxe, reacondicionamento e recolocación dos pontóns existentes e substitución dos que non eran recuperables.
- Substitución do sistema de cubrición con dobre entaboado con táboa de ripia de 35 mm de madeira de cerna de carballo en caras superior e inferior, alma interior con dobre enrastrelado de madeira de carballo de 30x45 e dobre illamento 45+45; con tratamento de amplo espectro "Xilamón T" ou similar. Sobre este a lousa a rumbeiro de dimensións mínimas 80x60x1 cm.

Nestes últimos anos detectáronse deformacións na estrutura de cerchas de madeira de carballo; derivadas de fallos nas próteses e enxertos de madeira que compre solucionar aplicando o criterio da mínima intervención co obxecto de asegurar a estabilidade e permanencia da dita estrutura e do seu significado cultural.

A diagnose detallada da patoloxía que presenta a estrutura da cuberta conclúe a idoneidade das seccións, calidade e humidade das pezas de madeira. Así e todo, obsérvanse as seguintes lesións vinculadas aos elementos de unión entre as pezas: fallos en enxertos de madeira e próteses, apoios insuficientes, chapas soltas, pendolóns descendidos ou con apoio no tirante, ferraxes metálicas na unión par-tirante insuficientes ou inexistentes, rotura ou seccións insuficientes dalgunhas pezas, tornapuntas desprazados nos nós e abrazadeiras dos pendolóns desprazadas.

Sexto É necesario establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para a realización das intervencións de conservación na Concatedral de San Xiao de Ferrol (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo (Lugo), obxecto deste convenio, sendo as partes coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do

noso patrimonio cultural e máis neste caso particular, pola relevancia social e importancia destes monumentos e polo interese sobresaínte dos inmobles que lles outorga a súa longa historia e o seu valor cultural por ter a consideración de bens catalogados.

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para a realización das intervencións de conservación na Concatedral de San Xiao de Ferrol (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo (Lugo).

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos elementos obxecto da intervención á que se refire este convenio pon en grave risco a conservación dos elementos construtivos, estruturais e funcionais dos inmobles e das decoracións e demais elementos característicos que conforman e configuran o seu valor cultural e xustifican a súa protección.

Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

O convenio ten por finalidade xeral garantir a adecuada conservación destes monumentos co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais dos monumentos.

Segunda: achega económica.

Nesta actuación vanse executar as obras para a realización das intervencións de conservación na Concatedral de San Xiao de Ferrol (A Coruña) e na Catedral de Mondoñedo (Lugo).

Os traballos a levar a cabo, de xeito resumido son:

1. Restauración da Torre Sur da Concatedral de San Xiao de Ferrol.

- Limpeza de superficies. Limpeza superficial da sillería, tanto en paramentos verticais coma en cubertas de cúpulas, cornixas, molduras... Terase un coidado especial nas zonas afectadas por arenización.
- Eliminación de raíces. Eliminación e tratamento de plantas enraizadas. Non se alterarán as bacterias, fungos, líques, algas e musgos cuxo tratamento precisa dun estudo máis ormenorizado e selectivo.
- Encintado e selado de xuntas. Previa eliminación de antigos rexuntados soltos, limpeza de superficies e feitas as consolidacións oportunas procederase ao selado de xuntas e gretas con morteiros bastardos de cal.

Restauración de elementos atacados por corrosión no catavento incluso a reposición dos elementos inservibles.



- Consolidación superficial da fábrica. Consolidación superficial das pezas que se atopan afectadas por arenización (con distinto grao de afectación en función da composición da pedra de cada elemento así como das condicións meteorolóxicas cambiantes en cada zona do edificio).
- Traballos de restauración de escaleiras e reixas.

Resumo do orzamento das obras

A estimación do orzamento total da obra é de **287.980,00 € (IVE incluído)**, coa seguinte desagregación:

Total execución material.....	200.000,00 €
Gastos xerais 13%.....	26.000,00 €
Beneficio industrial 6%.....	12.000,00 €
Presuposto sen IVE.....	238.000,00 €
IVE 21%.....	49.980,00 €
Orzamento total da obra.....	287.980,00 €

O importe total estimado da actuación resúmese en:

Importe honorarios redacción PBE.....	11.580,00 €
Importe obra.....	287.980,00 €
Importe honorarios DO.....	8.639,40 €
Importe honorarios DEM+CSS.....	10.367,28 €
TOTAL.....	318.566,68 €

2. Reparación das vigas da cuberta da Catedral de Mondoñedo (Lugo).

Aplicando o criterio de recuperación das estruturas históricas de madeira de carballo, a proposta deseña solucións con enxertos de madeira de carballo unidos con resina epoxi empregada como cola, e asegurando a unión con elementos metálicos tipo tirafondos de rosca completa, varillas para madeira ou clavixas de madeira encolada.

Recupéranse tamén os embarbillados de unións par-tirante e as ferraxes de fixación; recolócanse os tornapuntas desprazados; substitúense as pezas irrecuperables por pezas novas de madeira de castiñeiro e corríxese o nó pendolón-tirante co obxecto de evitar o seu contacto e recolocar as abrazadeiras de unión. Recóllense os seguintes tipos de reparacións:

- No extremo de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do tirante, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.
- No centro de tirante realizarase con táboas de madeira de carballo D30, unidas en vertical, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.
- No extremo de par realizarase con peza de madeira de carballo unida ao par existente mediante plano oblicuo vertical e cosidas nos extremos con clavixas de madeira de acacia embebidas en resina atravesando ambas pezas (no final do plano de encolado).



- No centro de par realizárase con táboas de carballo D30, verticais, solapadas a media madeira coa madeira do par, unións perpendiculares RTR de Rothoblas ou similar e lonxitudinais de aceiro recheas con resina epoxi estrutural.
- No centro de pontón realizárase con plano de unión por corte oblicuo vertical e clavixas de tracción perpendicular de madeira de acacia.
- No pendolón realizárase con taco de madeira de carballo D30 unido a media madeira e clavixas perpendiculares de madeira de acacia.

Resumo do orzamento das obras

A estimación do orzamento total da obra é de **174.846,84 € (IVE incluído)**, coa seguinte desagregación:

Total execución material.....	121.429,85 €
Gastos xerais 13%.....	15.785,88 €
Beneficio industrial 6%.....	7.285,79 €
Presuposto sen IVE.....	144.501,52 €
IVE 21%.....	30.345,32 €
Orzamento total da obra.....	174.846,84 €

O importe total estimado da actuación resúmese en:

Importe obra.....	174.846,84 €
Importe honorarios DO.....	17.539,26 €
Importe honorarios DEM+CSS.....	7.200,40 €
TOTAL.....	199.586,50 €

3. Renovación da iluminación e electricidade da Catedral de Mondoñedo: Naves, Xirola, Sancristía e Capelas.

A catedral de Mondoñedo posúe unha instalación eléctrica antiga, realizada nos anos 60 do século XX, durante as intervencións de Pons Sorolla no edificio.

A distribución das liñas eléctricas realízase por conducións enterradas baixo o pavimento, conectadas mediante arquetas desde as que se distribúen os cableados que se ocultan en rozas practicadas sobre o granito ou nos rexuntados entre sillares.

O cadro eléctrico dispónse nunha posición central, no muro norte da igrexa próximo ao cruceiro nun armario aberto sobre o lenzo mural. Desde este cadro, polo exterior da catedral dispónse unha liña pola fachada que sobe ata o salón gótico norte e alimenta o seu cadro e, a través do paso baixo o rosetón aos pés da basílica, o do salón gótico sur.

A iluminación actual mantén as lámpadas de ferro da intervención de Pons Sorolla.

Durante a actuación de restauración das pinturas murais do presbiterio promovida pola **DXPC** desmontouse o lampadario do cruceiro, que non se vai volver colocar, co obxectivo de obter unha maior eficiencia na iluminación e unha mellor visibilidade dos frescos e do retablo, eliminando obstáculos.

O obxectivo desta actuación é adaptar as instalacións renovadas á normativa aplicable a un uso de pública concurrencia así coma conseguir unha iluminación máis eficiente que á



súa vez dignifique e potencie os espazos da catedral afectados (nave, xirola, sancristía e capelas).

Para realizar esta intervención a Diocese de Mondoñedo-Ferrol conta cunha subvención da Fundación Endesa de 150.000 €, que non alcanza a cubrir o custo total da intervención.

A iluminación proposta atende a responder, de forma acaída, á dobre realidade do edificio: como monumento histórico artístico e como lugar de culto e de peregrinación, pola súa relación co Camiño de Santiago.

O deseño da iluminación proposto para a capela maior ten en conta as pinturas murais e o retablo que a preside xunto cos espazos litúrxicos, propios dunha igrexa catedral, como son a cátedra episcopal, o altar, a sede e o ambón que caracterizan o espazo catedralicio e de culto e responden a un significado e a unha liturxia concretas e determinadas.

Estas dúas realidades teñen necesidades de iluminación distintas e as solucións que se propoñen deben atendelas de forma simultánea e complementaria.

O deseño da iluminación ten en conta a presenza e o efecto da iluminación natural que entra pola fiestra do muro sur e complementábase coa iluminación natural do transepto a través das súas ventás abertas ao leste e ao sur. Esta iluminación natural gaña importancia ao mediodía e polo seu contraste coa iluminación das naves, moito máis tenue.

Tamén se analiza a iluminación artificial actual, baseada nunha gran lámpada decorativa, colocada nos anos 60 do século XX, equipada con bombillas fluorescentes compactas e que foi retirada por mor da restauración das pinturas murais e non se prevé a súa recolocación. A iluminación máis recente está destinada a alumear o retablo e as pinturas, e baséase en carrís con proxectores, colocados ao longo do primeiro piar do cruceiro dende a cabeceira. Existen tamén proxectores sobre os capiteis, orientados cara as bóvedas do teito, que alumean as pinturas e de forma indirecta todo o espazo.

Na escena aparecen mesturadas diferentes temperaturas de cor e un efecto de pouca uniformidade no retablo, debido á proximidade do punto emisor da luz. A instalación actual é claramente mellorable, desde diferentes puntos de vista: o da calidade dos equipos, o do tipo e características de luz e o da eficiencia enerxética.

As novas instalacións de electricidade e iluminación substitúen e renovan as existentes.

Os traballos a levar a cabo nesta intervención, de xeito resumido son:

A. Electricidade.

- Modificación da acometida eléctrica ao edificio, incluso nova posición.
- Instalación dun grupo electrógeno propio na planta baixa do edificio de servizos.
- Cadro xeral de protección con circuítos de alumeados, forza e distribución para os cadros secundarios.
- Conducións e liñas de alimentación (canalizadas en tubo de cobre nas zonas vistas).
- Alumeados de emerxencia.
- Linas de forza con cable conductor armado.
 - Nova instalación de megafonía que estará centralizada no cuarto onde se localiza actualmente o cadro eléctrico. Composta por catro altofalantes e sete micrófonos inalámbricos.

B. Iluminación.

- Proxéctase unha iluminación xeral do espazo, baseada na iluminación directa das zonas de uso e paso, bancadas, presbiterio e altar, naves laterais e xirola que se realiza de



arriba cara abaixo; e unha iluminación indirecta sobre as bóvedas de cantería. Para minimizar a presenza de focos posiciónanse nas cornixas, sobre os capiteis de piares e usando luminarias individualizadas de pequeno tamaño e orientables mecanicamente. Tamén se ten en conta o acabado dos elementos para reducir a presenza dos focos no conxunto.

- Para a iluminación de detalle das pinturas do cruceiro, ábsida e retablo utilízanse focos proxectores regulables sobre carril trifásico nos piares do cruceiro.

- Como complemento ás iluminacións funcionais e de detalle, usaranse focos que proxectan luz de maneira lineal sobre as arquerías tanto no espazo románico coma na xirola.

- O sistema de control da iluminación permitirá controlar a potencia e o acendido de cada luminaria posibilitando a coordinación en grupos de funcionamento. O control permitirá predefinir diferentes configuracións de iluminación creando distintas atmosferas que se adecúen ás necesidades do espazo en cada momento, culto diario, cerimonias sinaladas, visitas turísticas, iluminación mínima de funcionamento do edificio.

Resumo do orzamento das obras

A estimación do orzamento total da obra da fase 1 é de **198.038,80 €** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

Presuposto	163.668,43 €
IVE 21%.....	34.370,37 €
TOTAL.....	198.038,80 €

A cantidade a achegar pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é de **48.038,80 €**, resultado de restar do importe total da obra (198.038,80 €) os 150.000,00 € dos que dispón a Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por anualidades:

ANUALIDADES	2024		2025		TOTAL	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%
CONCATEDRAL DE SAN XIAO DE FERROL						
Honorarios redac. PBE + obra + Honorarios DF	11.580,00 €	3,64 %	306.986,68 €	96,36 %	318.566,68 €	100,00 %
CATEDRAL DE MONDOÑEDO (CUBERTA)						
Obra + honorarios DF	99.793,25 €	50,00 %	99.793,25 €	50,00 %	199.586,50 €	100,00 %
CATEDRAL DE MONDOÑEDO (ILUMINACIÓN)						
Obra	48.038,80 €	100,00 %			48.038,80 €	100,00 %
Total	159.412,05 €	28,16 %	406.779,93 €	71,84 %	566.191,98 €	100,00 %

As achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar, en ningún caso, o importe a subvencionar de **566.191,98 €**:



- Obras: investimento realmente realizado e debidamente xustificado ata un máximo de 510.865,64€.
- Honorarios da dirección facultativa: 55.326,34 €.

Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso deberán xustificarse o gasto que corresponde a cada anualidade antes do 1 de decembro.

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación **43.04.433A.781.1 (Código de Proxecto 2015 00349)**.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario.

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol estará obrigada a:

Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.

Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.

Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das obras.

Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a resolución pola que se autorizan as obras.

Contratar ás persoas competentes que se vaian encargar da dirección facultativa das obras (dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde).

Comunicar á DXPC a data de inicio e recepción das obras para comprobar a adecuada xustificación da subvención aos efectos do previsto no art. 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.

Enviar á DXPC, unha vez finalizada a intervención, a memoria final da intervención na que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases das obras e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá comunicar á CCLX a data de inicio e a de recepción das obras, para que a CCLX poida comprobar a adecuada xustificación da subvención para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta: comisión paritaria.

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación dos investimentos.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada dende o 1 de xaneiro do 2024 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

Para a percepción das axudas concedidas será necesario presentar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da documentación que a seguir se relaciona.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, que conterá:

- a) Unha certificación de obra asinada pola dirección facultativa das obras e a empresa adxudicataria, na que figure a conformidade da entidade beneficiaria, e no seu



caso unha relación clasificada de gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.

b) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tiña solicitado o beneficiario.

- As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

- Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento, por medios bancarios, das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán xuntar unha relación delas.

- Declaración responsable expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria, comprensiva das axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que a concede, a data e o importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II.

- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).

- Declaración responsable do órgano competente da entidade beneficiaria, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo IV).

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo de presentación será, para cada unha das dúas anualidades, o día 30 de novembro do ano correspondente.

Pagamento da subvención: o pago do importe previsto en cada anualidade realizarase logo de comprobar a xustificación presentada e a execución da porcentaxe da obra (en base ao custe) que se corresponda ca contía total para ese ano da axuda. No caso de non chegar ao porcentaxe fixado en cada ano, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención prevista ese ano efectivamente xustificada.

Pagamentos a conta: A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá realizar en cada anualidade pagamentos a conta que responderán ao ritmo de execución das obras subvencionadas. O importe do pagamento a conta calcularase en aplicación da porcentaxe que supón a súa achega nese ano, sen que se poida superar a contía máxima prevista para cada anualidade.

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá presentar igualmente cando remate a totalidade da obra, a documentación xustificativa da realización da totalidade da obra. Os pagamentos a conta que realice a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar o 80% do importe total subvencionado, debéndose reservar o 20% restante para derradeira xustificación a aportar xunto coa documentación correspondente á finalización da porcentaxe de obra correspondente.

No suposto de pagos a conta o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non asume máis obriga que a de transferir as cantidades previstas na cláusula segunda do presente convenio.

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sétima: Período de vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Previo informe favorable da Comisión de Seguimento poderán propoñerse e solicitarse prórrogas do período de vixencia deste convenio debéndose tramitar a oportuna addenda ao mesmo.

Admitiríanse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2024.

Poderanse presentar xustificacións de pagos realizados ao longo do ano.

Oitava: Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: Outras obrigas do beneficiario.

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol queda obrigada a:

a) Non alterar o destino da achega.



- b) Realizar a correspondente execución para reparación da Igrexa de Santalla de Rebordaos, Lugar Candaira, O Saviñao, Lugo.
- c) Admitir as inspeccións e os controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- d) Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- e) Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.
- f) O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décima: Subcontratación e reintegro.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: Réxime xurídico.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda: Publicidade do convenio.

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se



regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarase á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira: Modificación e rescisión do acordo.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan. E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínanos e rubricanos por duplicado no lugar e na data expresados.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínanos e rubricanos por cuadruplicado no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

D. José López Campos

O Bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol

D. Fernando García Cadiñanos



ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dña _____
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de
colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para

Acredor	Nº fra.	Data fra.	Importe	Data pago
Suma dos investimentos				

Lugar e data

Sinatura



ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona _____ con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

Organismos	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, ____ de _____ de 2024.



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña _____,
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

IBAN (2 díxitos)

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO IV

Don/Dña _____, con DNI _____,
en nome e representación da entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)

11